

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac6548988062997937475.doc

Asunto: Decreto alcalde transferencia de crédito 35-2025 Sentenza Copcisa

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DA EXECUCIÓN DA SENTENZA DITADA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO NÚM. 1 DE LUGO INICIADO POR RECURSO CONTENCIOSO INTERPOSTO POR COPCISA CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DO PAGAMENTO DE XUROS DE DEMORA DEVENGADOS POR RETRASO NO PAGAMENTO DE FACTURAS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 35-2025, por un importe total de 38.690,33 €, dentro do vixente orzamento municipal, para dar cobertura as obrigas económicas derivadas da SENTENZA DITADA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO NÚM. 1 DE LUGO INICIADO POR RECURSO CONTENCIOSO INTERPOSTO POR COPCISA CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DO PAGAMENTO DE XUROS DE DEMORA DEVENGADOS POR RETRASO NO PAGAMENTO DE FACTURAS.

Visto informe da Intervención municipal Ref.: 1537/2025, do 10.10.2025, así como os mandamentos contables RCMOD Ref.: 65309/2025 e RCMOD Ref: 65310/2025

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 38.690,33 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
92002.22706 92002.22799	30.000,00 € 8.690,33 €	92008.35200 92008.35202	5.369,71 € 33.320,62 €
TOTAL	38.690,33 €		38.690,33 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.